



Historiador Vedia, 23 – baixo
15004 – A CORUÑA

Tfno. 981.27.73.01 Fax. 981.25.78.96
Correo electrónico: camiga@mundo-r.com

Xunta de Galicia : Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais nº S-1239

Rexistro Central de Asociacións 286/99

CIF : G 15724503

**COORDINADORA DE
ASOCIACIÓNS DE
MINUSVÁLIDOS DE GALICIA
(C.A.MI.GA.)**

I. ORIXE E FINALIDADE DA ASOCIACIÓN

A COORDINADORA DE ASOCIACIÓNS DE MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (C.A.MI.GA.) constituíuse o 10 de xuño do ano 1999, sendo a súa finalidade aglutinar o maior número de asociacións de minusválidos/as físicos/as de cada provincia de Galicia para a defensa dos intereses das persoas con discapacidades físicas, así como para axudarlles a documentarse, facilitarlles información, prestarlles servizos, contribuír a súa formación ocupacional, cultural, actividades, fomento do emprego, constitución de centros especiais de emprego e ofrecer outros medios que se determinen no seu momento, así como contribuír á propia recuperación e rehabilitación e outras medidas de atención ás necesidades da persoa con discapacidade física, calquera que sexa o tipo ou o grado da súa minusvalía física. Todo iso na medida do posible segundo os recursos dispoñibles ou previstos, e tendo en conta que é imprescindible a axuda e colaboración dos organismos oficiais, e con maior relevancia, a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais.

A COORDINADORA DE ASOCIACIÓNS DE MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (C.A.MI.GA.), determina que outras asociacións, federacións, confederacións, etc., non responden ás inquietudes dos que constitúen C.A.MI.GA., en canto non se xera nin se apoia ás asociacións de minusválidos/as nas súas iniciativas en beneficio do colectivo de persoas con minusvalías, buscando unha axeitada e pronta inserción socio-laboral das persoas con discapacidade, e todo o que concerne a estas. É por iso que o obxectivo fundamental desta Coordinadora é conseguir unha potenciación asociativa para lograr solucións concretas, informar a asociados/as e mentalizar a políticos/as e cidadáns/ás.



Historiador Vedia, 23 – baixo
15004 – A CORUÑA

Tfno. 981.27.73.01 Fax. 981.25.78.96
Correo electrónico: camiga@mundo-r.com

Xunta de Galicia : Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais nº S-1239

Rexistro Central de Asociacións 286/99

CIF : G 15724503

Os titulares dos órganos de goberno e representación da entidade son os seguintes:

- Presidente: D. Ángel Gárate Roca.
- Vicepresidente: D. José Manuel Darriba González.
- Secretario: D. José María Méndez López.
- Tesoureiro: D. Francisco Bruno Tudela Guerrero.

II. SERVICIOS E ACTIVIDADES QUE PRESTA A ASOCIACIÓN.

- As asociacións de minusválidos físicos que se coordinan con C.A.MI.G.A. entenden a absoluta necesidade de obter datos das persoas con discapacidade física, facer asociados/as, dar información ás empresas para obter postos de traballo e finalmente establecer un proceso de información aos/ás seus/súas representados/as segundo as necesidades ou inquietudes expresadas polos/as mesmos/as, coordinando na actualidade 21 asociacións de toda Galicia.
- A Coordinadora C.A.MI.G.A. dende o seu local social (provisional), situado na rúa Historiador Vedía, 23 Baixo (A Coruña), na sé de Limco Sociedade Cooperativa Galega, un Centro Especial de Emprego, e a pesares que noutros tempos si que se puido contar coa contratación de persoal propio, actualmente só ten a posibilidade de contar con persoal voluntario, colaborando a media xornada. Trátase de dúas persoas (unha licenciada en Psicoloxía e outra en Psicopedagogía que colaboran de 9.30 a 13.30 horas, de luns a venres) que foron cedidas como voluntarias pola Fundación Inladi. Ofreceu diversa información ás asociacións que o solicitan, coordinan, asesoran, idean e organizan a laboura da Coordinadora.
- Realizouse o “Programa Discapacitados Físicos da Coruña – PRADISFICO 2005” (leva varios anos levándose a cabo con grande éxito), que ten como finalidade atender consultas de asociacións e cidadáns/ás en relación con temas relativos ás persoas con discapacidade física.
- Realízase a actividade “GALI DIS 2005” (levada a cabo tamén en anos anteriores), consistente na realización de diversos programas de radio con información sobre temas de interese para as persoas con discapacidade física e persoas maiores.

- Durante o ano 2004 e 2005 vense a ofrecer un SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, que continuará proxectándose durante o presente ano, co fin de proporcionar un soporte persoal dirixido ás persoas que teñen limitacións para desenvolver as actividades da vida diaria e que carecen de familiares que poidan axudarlles, evitando así que teñan que abandonar o seu entorno social.
- PROXECTO ANTA: Transporte adaptado para persoas dependentes, para traslados á rehabilitación e a outros servizos demandados polas/os usuarias/os, nos concellos de: Ames, Oleiros, Laracha, Narón, Cangas e Bueu.
- TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO: Transporte adaptado de persoas discapacitadas a centros escolares, nos concellos de: A Coruña, Ferrol e Narón, en acordo e coordinación coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Colaboración nas XORNADAS de *Integración Sociolaboral de Persoas con Discapacidade*, celebradas en Narón os días 2 e 3 de novembro.
- Colaboración nas XORNADAS *A Aplicación das TIC's, Violencia e Discapacidade*, celebradas en Narón os días 6 e 7 de outubro.

INICIATIVAS CON ORGANISMOS E ENTIDADES

- Realízanse amplas xestións con organismos e entidades co obxecto de dar a coñecer a Coordinadora C.A.M.I.G.A. e os seus obxectivos.
- Solicítanse subvencións a organismos e entidades, e concédense subvencións pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Política Lingüística), pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña e polo Excmo. Concello de A Coruña.

ORGANIZACIÓN INTERNA

- Elaboración de ficheiros informáticos.
- Recompilación de datos de asociacións de minusválidos físicos, establecemento de contactos e envío de información co fin de promover a colaboración mutua.
- Coordinación coas asociacións coordinadas para acadar de mellor xeito os noso obxectivos.

OUTRAS INICIATIVAS

- Confección de proxecto para que se respecten os aparcamentos reservados a minusválidos físicos.
- Confección de memoria sobre beirarúas non accesibles na cidade de A Coruña.
- Confección de proxecto sobre situación de centros especiais de emprego para minusválidos.
- Participación en proxectos do Excmo. Concello de A Coruña.



Historiador Vedia, 23 – baixo
15004 – A CORUÑA

Tfno. 981.27.73.01 Fax. 981.25.78.96
Correo electrónico: camiga@mundo-r.com

Xunta de Galicia : Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais nº S-1239

Rexistro Central de Asociacións 286/99

CIF : G 15724503

III. MEDIOS MATERIAIS E FONDOS DE FINANCIAMENTO.

A COORDINADORA DE ASOCIACIÓNS DE MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (C.A.MI.GA.) depende totalmente das subvencións recibidas da Administración, tanto administracións locais, provincias, autonómicas e estatais así como a posibilidade de acordar convenios ou finzamentos con entidades e/ou fundacións de carácter privado.

IV. ENTIDADES ASOCIADAS.

Como entidade coordinadora, C.A.MI.GA conta na actualidade con 21 entidades asociadas, e estas ao seu tempo cos seus respectivos socios e socias, que son as seguintes:

- ASOCIACIÓN UNIDADE PROVINCIAL DE PARAPLÉXICOS DE A CORUÑA
- GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DE A CORUÑA
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE CAMBRE (ASMICA)
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ARTEIXO
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ABEGONDO
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE CARRAL
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS BOIRENSE (A.DI.BO.)
- ASOCIACIÓN DE DIMINUÍDOS DO MORRAZO
- ASOCIACIÓN ADISMA
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ÓRDENES
- ASOCIACIÓN DE LESIONADOS MEDULARES E MINUSVÁLIDOS FÍSICOS (ALMYF)
- ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS AMICO, SC
- ASOC. PROV. DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO: CISMIGA
- SOC. PARA EL DESARROLLO DE IDEAS Y TÉCNICAS PARA MINUSVÁLIDOS FÍSICOS: SODIM
- ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS DE FERROL
 - Delegación Asociación Sociocultural en Pontedeume
 - Delegación Asociación Sociocultural en Ares
 - Delegación Asociación Sociocultural en Fene
 - Delegación Asociación Sociocultural en Narón
 - Delegación Asociación Sociocultural en Cariño
 - Delegación Asociación Sociocultural en Cedeira